

**9. APERTURA DAS OFERTAS:**

Lugar: concello de Covelo.

Data e hora: 11,30 horas o quinto día hábil posterior á data de finalización do prazo de presentación das proposicións.

**10. GASTOS DOS ANUNCIOS:**

A conta do adxudicatario.

**11. PÁXINA WEB PARA OBTENCIÓN DE INFORMACIÓN:**

[www.concellodecovelo.es](http://www.concellodecovelo.es)

Covelo, 20 de abril de 2012.—O Alcalde En Funcións, Juan Pablo Castillo Amigo.

**2012003989**

---

**A N U N C I O**

O Pleno do Concello de Covelo, en sesión de data 20 de abril de 2012, adoptou por unanimidade o seguinte

**A C O R D O :**

**PRIMEIRO.** Aprobar provisionalmente o Regulamento para creación, modificación, e supresión dos ficheiros de carácter persoal do Concello de Covelo.

**SEGUNDO.** Expoñer ao público o anterior acordo mediante anuncio que se inserirá no taboleiro de anuncios municipal e no Boletín Oficial da Provincia, durante o prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales as persoas interesadas poderán examina-lo expediente e presenta-las alegacións que estimen oportunas.

**TERCEIRO.** No caso de que non se presentasen alegacións ao expediente no prazo anteriormente indicado, o acordo entenderase definitivamente aprobado, sen necesidade de acordo plenario, de conformidade cos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985 de Bases de Réxime local.

**CUARTO.** Solicitar da Axencia de Protección de Datos, unha vez efectuada a publicación da aprobación definitiva do Regulamento.

O que se fai público en aplicación do disposto no artigo 52 do Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Covelo, 23 de abril de 2012.—O Alcalde En Funcións, Juan Pablo Castillo Amigo.

**2012003990**

\* \* \*

**O GROVE****BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ASOCIACIÓNS E ENTIDADES  
SEN ÁNIMO DE LUCRO, QUE DESENVOLVAN ACTIVIDADES CULTURAIAS NO ANO 2012**

O Concello do Grove establece as bases reguladoras de concesión de axudas e subvencións públicas destinadas a promover e fomentar actividades culturais, segundo os principios de obxectividade, concorrencia competitiva, publicidade e transparencia.

### 1.—*OBXECTO DA CONVOCATORIA*

A presente convocatoria ten por obxecto regular o procedemento da concesión de subvencións en réxime de libre concorrència para fomentar as actividades que, no eido da cultura e nas súas diversas formas, promovan asociacións culturais sen ánimo de lucro, que poidan ser consideradas de interese social para o Concello do Grove, e dirixidas á poboación en xeral.

### 2.—*BENEFICIARIOS*

Poderán solicitar as subvencións reguladas na presente convocatoria as persoas físicas e xurídicas que reúnan os seguintes requisitos:

1. Ser asociacións culturais validamente constituídas e debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.

2. Carecer de fins de lucro (acreditándose en declaración responsable do representante).

3. Ter o seu domicilio social e desenvolver as súas actividades no ámbito territorial do Concello do Grove.

4. Realizar actividades de interese cultural no ámbito do Municipio

5. Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir axudas ou subvencións públicas.

6. Estar ó corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Non poderán ser beneficiarios destas axudas as ANPAS nin aquelas Asociacións que teñan pendente de xustificar subvencións concedidas no exercicio anterior no mesmo programa.

7. Cumprir os requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Quedan excluídas desta convocatoria as entidades e actividades que non cumpran algún requisito das presentes bases.

### 3.—*PROGRAMAS SUBVENCIONABLES*

Actividades culturais. Dirixidas á realización de actuacións puntuais ou de carácter permanente, no eido cultural en tódalas súas vertentes: música, teatro, literatura, pintura, danza...

Quedan excluídos da presente convocatoria e por tanto non serán obxecto de subvención as seguintes actividades e investimentos:

- As actividades ou investimentos subvencionados, no mesmo exercicio, a través doutras convocatorias de subvencións ou plans do Concello
- Os gastos de funcionamento das entidades e os gastos correntes.
- Os gastos de instrumentos e vestiario
- As viaxes de ocio e as festas gastronómicas.
- Os cursos e obradoiros
- Os gastos gastronómicos, excepto naqueles casos que garden relación directa coa actividade e sexan necesarios para a mesma.

### 4.—*CONTÍA E LÍMITE DAS SUBVENCÍONS*

A contía da subvención estará en función dos programas e dos recursos con que conte para cubrir parcialmente estes. A subvención non poderá exceder do custe da actividade á que se aplique, incluíndo no cálculo todas as subvencións percibidas polo beneficiario para a mesma finalidade, tanto de entes públicos como privados. En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrència con subvencións ou axudas doutras Administracións Públicas ou outros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade a desenvolver polo beneficiario.

A subvención aprobada poderá ser revisada, unha vez coñecido o financiamento do gasto a través das achegas complementarias de axudas doutras entidades así como, no seu caso, outros ingresos, de tal xeito que a súa contía definitiva suporía o resultado deficitario da liquidación final de gastos-ingresos.

As entidades quedan obrigadas a comunicar calquera achega económica institucional ou privada que reciban con destino á actividade solicitada.

#### 5.—*APLICACIÓN ORZAMENTARIA*

A concesión das axudas estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria para o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2012, convocándose con cargo aos orzamentos do Concello en vigor durante o 2012.

O Concello do Grove concederá estas axudas económicas para promover, fomentar e difundir aquelas actividades culturais que organicen as persoas físicas ou xurídicas sen fin de lucro no seu ámbito territorial, cando teñan relevancia para os intereses municipais, durante o exercicio actual e que se financiarán con cargo á aplicación 331.48000 do seu orzamento co límite de 30.000 €.

#### 6.—*SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN*

As asociacións, entidades ou interesados en obter subvencións do Concello do Grove poderán presentar un máximo de dúas solicitudes.

As solicitudes formalizaranse nos modelos normalizados que se facilitarán no Rexistro xeral do Concello, ou na páxina web do Concello: [www.concellodogrove.com](http://www.concellodogrove.com) achegando ademais a seguinte documentación:

- Fotocopia cotexada da tarxeta de identificación fiscal da entidade.
- Fotocopia cotexada do DNI do representante legal.
- Proxecto ou memoria asinado polo representante, de cada actividade con expresión, entre outros, de: data, lugar de celebración, responsable/s do desenvolvemento da acción, obxectivos da mesma e estimación dos beneficiarios.
- Orzamento detallado de gastos e ingresos, asinado polo representante, da actividade que se solicita, detallando cada un dos gastos e ingresos. Con expresión da súa gratuidade, se é o caso, ou do seu cobro, se así o fose.
- Certificado do Secretario da entidade solicitante no que conste as subvencións e ou axudas obtidas ou solicitadas para a mesma finalidade, con expresión da súa contía, comprometéndose a comunicar ao Concello do Grove a concesión de calquera outra axuda ou subvención de entes públicos ou privados para a mesma finalidade.
- Declaración do responsable da entidade (pudendo solicitar o modelo nas oficinas de Intervención) do seguinte:
  - De non ter pendente de xustificación ningunha subvención co Concello do Grove.
  - Do número de beneficiarios directos ou indirectos da actividade solicitada.
  - De cumprir os requisitos esixidos no art. 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Declaración do número de socios da entidade.
- Certificación orixinal dos datos bancarios co nome da entidade peticionaria.
- Declaración do representante da entidade solicitante da imposibilidade de realizar a actividade de non ser beneficiario da subvención do Concello do Grove

As entidades poderán autorizar ao Concello do Grove para solicitar as certificacións de estar ó corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria e coa Seguridade Social.

Se a solicitude non reunise os datos esixidos ou calquera dos previstos no art.70 da Lei 30/92, de 26 de novembro, requirirase ó interesado para que, nun prazo de 10 días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, indicando que, en caso de non facelo, se terá por desistido, arquivándose sen máis trámites.

#### 7.—LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

As solicitudes coa restante documentación presentaranse no Rexistro Xeral do Concello do Grove no prazo de vinte (20) días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia, ou en calquera das formas previstas no art. 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

No suposto de que as solicitudes presentadas non reúnan os requisitos sinalados, requirirase aos interesados para que no prazo de dez (10) días emenden as anomalías advertidas, procedéndose, no caso contrario, ao arquivo da solicitude.

#### 8.—VALORACIÓN E CONCESIÓN

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo en conta para a adxudicación das axudas os seguintes criterios:

1. Difusión da actividade: de ámbito local, provincial, nacional, internacional, ata 15 puntos.
2. Número de persoas que participan e se benefician da actividade, ata 15 puntos.
3. Orzamento total da actividade ou investimento e porcentaxe solicitada de financiamento, ata 10 puntos.
4. Adecuación das actividades ou investimentos ao interese local, ata 20 puntos.
5. Colaboración da Asociación coas actividades do Concello do Grove, ata 30 puntos.

O conxunto das axudas recibidas en ningún caso poderá superar o 100% do custo da actividade ou investimento que desenvolva o beneficiario.

#### 9.—PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

As solicitudes de subvención serán avaliadas conforme ós criterios sinalados anteriormente, pola Comisión de Valoración, composta por:

- O Alcalde do Concello do Grove
- O Concelleiro de Cultura
- Secretario/a: actuará como secretario/a, sen voto, un/unha técnico/a do Concello.

A Comisión de Valoración poderá:

1. Acadar cantos informes estime necesarios para resolver
2. Emitir informe respecto das solicitudes de subvención

O procedemento ordinario de concesión das axudas é o de concorrencia competitiva. Non obstante, ao longo do exercicio orzamentario poderanse resolver aquelas solicitudes que, por circunstancias novas ou por causas imprevisibles e excepcionais, non puideran presentarse no prazo sinalado, reservándose para estes efectos ata un 15% do crédito total destes programas para a súa concesión previa valoración da Comisión de Valoración.

As propostas de concesión de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente.

A resolución do procedemento notificaráselles aos interesados conforme ó previsto no art. 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Transcorridos seis meses, a partir do día seguinte no que remate o prazo de presentación da solicitude, sen notificarse a resolución, lécitima ós interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de subvención.

### 11. – XUSTIFICACIÓN

Unha vez notificada a aprobación das axudas concedidas e realizada a actividade, os beneficiarios deberán xustificalas antes do 31 de decembro de 2012, non sendo as axudas ás actividades realizadas durante o mes de decembro, que se poderá presentar durante os primeiros 20 días do mes de xaneiro de 2013.

Para cobrar a subvención as entidades deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello a seguinte documentación:

1. Instancia suscrita polo/as Presidente/a da entidade dirixida ao Ilmo. Alcalde - Presidente do Concello do Grove, na que se solicite o pago da subvención no número de conta corrente indicada na solicitude. Deberase acreditar a titularidade do asinante da instancia por medio de certificación do secretario da asociación, ou calquera outro medio en que quede fidedignamente demostrada a titularidade do asinante.

2. Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida, indicando cada factura o número de unidades, os prezos unitarios destas e máis o custo total de cada unidade.

3. Conta xustificativa dos gastos, na que se determinará o custo ou gasto total da finalidade subvencionada, detallando as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, na que se poña de manifesto que os gastos que figuran en dita conta xustificativa se aplicaron á finalidade para a que foi concedida a axuda, indicando que o resto dos xustificantes da conta se encontran no domicilio da entidade beneficiaria a disposición do Concello para o seu exame.

4. Os gastos xustificados deberán axustarse no posible aos conceptos incluídos no orzamento inicial, non aboándose máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida.

5. En todo caso, a xustificación da subvención concedida deberá incluír os documentos que acrediten o pagamento dos gastos xustificados, de acordo co establecido no artigo 31 da Lei 38/2003 así como no artigo 29 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, que consideran gasto realizado o que fora efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

6. Memoria na que detalle a actividade realizada de conformidade coa achegada á instancia de solicitude de subvención e balance de ingresos e gastos realizados con motivo da actividade.

7. Acreditar a debida divulgación do financiamento por parte do Concello da actividade, xuntando un exemplar da documentación impresa xerada pola actividade subvencionada, e a declaración responsable do representante de a ter feito.

8. Certificado de conta bancaria.

### 12. – REQUISITOS DAS FACTURAS

As facturas que se acheguen como xustificante da subvención deberán cumprir os requisitos seguintes:

- a) Ser orixinais ou fotocopias compulsadas.
- b) Datadas no ano 2012 que é o ano no que se concede a subvención.
- c) Conter o número de identificación fiscal do preceptor.
- d) Conter o selo da casa subministradora ou a sinatura.

No suposto de que a subvención teña destino o pagamento de persoas físicas que prestan servizos retribuídos, pago de premios ou pago de dietas, a entidade beneficiaria ven obrigada á retención do IRPF nos límites e excepcións da lexislación que rexe. Os pagos a persoal retribuído coa súa pertinente retención se xustificará a través da nómina correspondente, acompañada dos TCs.

**13. PAGAMENTO**

- No caso de que se xustifique gasto polo 100% do orzamento subvencionado, aboarase a totalidade da subvención.
- No caso de que se xustifique gasto inferior ó 100%, aboarase a parte proporcional da subvención.
- As cantidades subvencionadas pagaranse atendendo as previsións de Tesourería do concello, podendo anticiparse o 50%, mediante orde da Alcaldía, sempre previa xustificación do importe que se percibe anticipadamente.

O pagamento efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada polo perceptor.

**14. DEVOLUCIÓN E REINTEGRO**

As axudas concedidas deberán devolvelas ou reintegralas nos seguintes casos:

1. Por obtelas falseando as condicións requiridas.
2. Por non aplicala aos fins para os que foi concedida.
3. Por incumprir o beneficiario as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases.

**15.—INTERPRETACIÓN**

Calquera dúbida que puidera xurdir en torno á interpretación destas bases será resolta por persoal do departamento de Cultura do Concello.

**16. ÓRGANO DE APROBACIÓN**

O órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta de Goberno por delegación de alcaldía.

**17.—XURISDICIÓN APLICABLE**

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso Administrativo como se prevé no art. 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa (tras modificación dada pola Lei 19/2003, de 23 de decembro) no prazo de dous meses.

Asemade, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente dito recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos os prazos contaránse a partir do día seguinte á recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición se entende desestimado.

**18. DEREITO SUPLETORIO**

Para o non disposto nas presentes bases contemplarase o establecido nas bases de execución do orzamento xeral do Concello do Grove en vigor durante o exercicio 2012 e na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (BOE núm. 276, de 18/11/03) e demais lexislación de desenvolvemento.

En O Grove, a 13 de abril de 2012.—O Alcalde, Miguel Ángel Pérez García.

**2012004016**